



<https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias/grao-bioloxia-3a-edicion>



# Grao en Bioloxía

[www.usc.gal](http://www.usc.gal)





# Bioloxía

A Bioloxía estuda a vida desde o nivel molecular ata o ecosistema, incluíndo a especie humana, a biotecnoloxía e a conservación e xestión do medio, polo que constitúe un dos eixes fundamentais da investigación a nivel mundial. O grao en Bioloxía forma profesionais que entenden e coñecen a complexidade e diversidade dos seres vivos e a súa relación co medio.

Tipo Presencial

Área Ciencias

Centro Facultade de Bioloxía  
Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n  
15782 Santiago de Compostela  
facultade.biologia.decanato@usc.es

Campus Santiago de Compostela

+info <https://www.usc.gal/gl/estudios/graos/ciencias/grafo-biologia-3a-edicion>

## Presentación

Interuniversitario: Non


Duración: 4

Número de prazas: 100

Data de inicio: Setembro

## Plan de estudios

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos que están formados por 60 créditos de formación básica, 126 créditos de materias obligatorias, 36 créditos optativos, 6 créditos de Prácticas Externas e 12 créditos de Traballo fin de Grao.



## Mobilidade e prácticas

A mobilidade dos/as estudiantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. A través do Servizo de Relacións Exteriores xestionanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

Esta titulación ten programadas prácticas externas de carácter obligatorio de 6 créditos que se engloban na materia denominada Prácticas Externas. Esta actividade pretende que se estableza o contacto dos estudiantes con institucións de fóra da Facultade e co mundo profesional. As prácticas externas poden realizarse en forma de estancias en empresas, rotatorios polas estacións de bioloxía da USC, en centros de Investigación da USC ou do CSIC, en museos, acuarios, hospitais, etc.

